



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Intermediación turística e transporte I	Código	662G01013	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Rodríguez Pallas, Angel	Correo electrónico	angel.rodriguez.pallas@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Pallas, Angel	Correo electrónico	angel.rodriguez.pallas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo da materia é describir, detallar e coñecer os elementos principais da xestión de intermediación e distribución dos produtos e servizos turísticos nas axencias de viaxes, físicas e virtuais, tendo en conta o espazo no que se desenvolven na actualidade, as infraestruturas, o marco legal, as novas tecnoloxías e os procedementos operativos.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
Capacidade de análise e síntese.		B1
Comunicación oral e escrita na lingua nativa.		B2
Solución de problemas.		B3
Pensamento Crítico.		B4
Aprendizaxe autónoma.		B6
Compromiso ético.		B5 B7
Comprender el carácter dinámico y evolutivo del turismo y de la nueva sociedad del ocio.	A3 A6	
Convertir un problema empírico en un objetiv de investigación y elaborar conclusiones.	A5	
Definir objetivos, estrategias y políticas comerciales.	A7	
Reconocer los principales agentes turísticos.	A11	
Conocimientos para adquirir en el ámbito de los procedimientos operativos de las empresas de intermediación.	A12	
Utilizar y analizar las tecnologías de la información y las comunicaciones (TIC) en los distintos ámbitos del sector turístico.	A13 A14 A18 A22 A24 A32	
Creatividad.	A33	
Iniciativa y espíritu emprendedor.	A34	
Motivación por la calidad.	A35	



Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.			C1
Dominar la expresión y la comprensión de forma oral y escrita de un idioma extranjero.			C2
Utilizar las herramientas básicas de las tecnologías de la información y las comunicaciones (TIC) necesarias para el ejercicio de su profesión y para el aprendizaje a lo largo de su vida.			C3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C5
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			C6
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C7
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C8
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade didáctica I: A distribución comercial no sector turístico.	Tema 1. Introducción á distribución turística. Tema 2. A canle de distribución no sector turístico.
Unidade didáctica 2: Estructura da distribución comercial no sector turístico .	Tema 3. As axencias de viaxes na distribución turística. Tema 4. Os tour operadores na distribución turística. Tema 5. Os GDS e los CRS na distribución turística. Tema 6. As centrais de reservas na distribución turística
Unidad didáctica 3: A distribución comercial ante os cambios no sector turístico.	Tema 7. As tecnoloxías e a distribución turística.
Unidade didáctica 4: A intermediación das axencias de viaxes	Tema 8: Intermediación na venda de transporte aéreo Tema 9: Intermediación na venda de transporte marítimo Tema 10: Intermediación na venda de transporte ferroviario Tema 11: Intermediación na venda de transporte de carretera Tema 12: Intermediación na venda de aloxamentos turísticos e restauración. Tema 13: Intermediación na venda de Viaxes Combinadas. Tema 14: Intermediación na venda de outros servizos turísticos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A6 A7 A11 A12 A13 A14 A18 A24 A32 A35 B2 B5 C2 C3 C4 C5 C7 C8	25	0	25
Traballos tutelados	A13 A22 A24 A32 A33 A34 B1 B3 B4 B6 B7 C1 C3 C6	24	93	117
Proba mixta	A5 A12 A22 A24 B3 B4 C1	2	4	6
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. Realizaranse traballos tutelados relacionados co contido da materia e a presentación oral de aqueles que sinale o profesor.
Proba mixta	Proba que integra preguntas obxectivas de teoría e problemas prácticos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	As clases veranse complementadas coa posibilidade para o alumno de acudir a titorías fóra da aula, onde o profesor procederá a tratar individual e personalizadamente, as posibles dúbidas que puidesen xurdir da materia. Trátase dunha participación obrigatoria para o alumnado Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ó inicio do curso un calendario específico de tutorías compatible coa súa dedicación, motivo polo que o mencionado alumnado deberase poñer en contacto co profesor os primeiros dez días do cuatrimestre no que se imparte a asignatura, coa finalidade de fixar dito calendario.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A22 A24 A32 A33 A34 B1 B3 B4 B6 B7 C1 C3 C6	Realización dun ou varios traballos tutelados relacionados cos bloques de contidos da materia. Valorarase: O axuste da presentación ás instrucións; A calidade formal da presentación; A calidade e creatividade dos contidos da presentación; A amplitude e pertinencia das fontes de información utilizadas máis aló das indicadas. Non entregar un traballo supón que este puntúe como cero "0" no cálculo da nota media de tódolos traballos tutelados e ademais supón a perda da porcentaxe correspondente na nota final.	50
Proba mixta	A5 A12 A22 A24 B3 B4 C1	Realización dunha proba mixta que recolla os contidos teóricos e prácticos dos diversos bloques temáticos da materia.	50

Observacións avaliación



OPCIÓN A

Alumnado con dedicación completa:

asistencia/participación nas actividades de clase igual ou superior ó 80%:

Os criterios de avaliación son os mesmos para cada unha das oportunidades de avaliación.

A nota final da asignatura calcularase da forma seguinte:

- a) Traballos tutelados e presentación oral daqueles indicados polo profesor (50%).
- b) Examen escrito (tipo proba mixta) sobre os contidos de la materia (50%).

Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación.

Na convocatoria adiantada, e só neste caso, realizarase unha proba mixta encamiñada a avaliar tódalas competencias e contidos propios da materia.

Os criterios de puntuación dos traballos tutelados, presentación oral e proba mixta daranse a coñecer no momento da realización dos mesmos e subministraranse xunto cos enunciados destes.

A entrega dos traballos tutelados realizase exclusivamente a través da plataforma Moodle, cumprindo coa data límite de entrega que para cada traballo fixe o profesor. Os traballos entregados fora de prazo ou entregados mediante outra vía serán calificados como ?non presentados?.

Non entregar un traballo ou non acudir á presentación oral do mesmo supón que éste puntúe como cero ?0? no cálculo da nota media de tódolos traballos tutelados e supón por outro lado a perda da porcentaxe correspondente da nota final.

Se a calificación final do alumno en primeira oportunidade para esta materia é inferior a 5 puntos (sobre un máximo de 10 puntos), éste terá que acudir á segunda oportunidade e realizar novamente a proba mixta (non se conservan as calificacións obtidas na proba mixta dunha oportunidade para outra) e ademáis terá que realizar novamente tódolos traballos tutelados calificados como suspensos ou non presentados (consérvanse as calificacións dos traballos aprobados dunha oportunidade para outra). Para superar a materia en segunda oportunidade, ó igual que en primeira oportunidade, é necesario obter una puntuación do 50% do peso de cada una das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados e proba mixta).

Dado que a materia sigue criterios de avaliación continua, a asistencia a clase é obrigatoria. Todo alumno que supere un 20% de faltas de asistencia a clase non xustificadas perderá o dereito a presentarse ó examen de avaliación final, e terá que presentarse ao mesmo na seguinte oportunidade.

Os únicos utensilios cos que está permitido acceder ó recinto da proba son os básicos para contestar ó exame: lápiz, bolígrafo ou pluma, goma de borrar e calculadora non programable.

Está expresamente prohibido o acceso ó recinto do examen con: a) teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo que permita comunicación a distancia e/ou almacenamento de información; b) apuntes,



anotacións, libros ou material similar que non fose expresamente autorizado na convocatoria do

examen ou una páxina web (Moodle) da materia. A non observancia desta norma supón que se considere como realizada a proba en fraude e iso con independencia de que quen teña no recinto da proba tales dispositivos ou material sinalado os empregase ou non no curso desta.

O alumno deberá acreditar a súa persoalidade de acordó coa normativa vixente.

Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014) no Art. 21.2:

Considerarase como ?Non presentado? (NP) a aquel estudante que, estando matriculado na materia, non concorra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico.

Así, será cualificado como ?Non presentado? cando:

- a) Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docentes, ou
- b) Non se presente á proba do período oficial de avaliación.

Ademais, para aprobar a materia, Intermediación I ou II ou Comercialización, todos os alumnos deberán pasar un período de formación práctica de dous meses nunha empresade intermediación. Estas prácticas poderán desenrolarse ao longo do segundo, terceiro ou cuarto curso de xeito indistinto.

OPCIÓN B

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Arts. 2.3; 3.b; e 4.5) (29 de maio de 2012).

Alumnado cunha asistencia/participación nas actividades de clase inferior ao 80%:

Excepto para as datas aprobadas en Xunta da Escola no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase, ó inicio do cuatrimestre, un calendario específico de datas compatibles coa súa dedicación, motivo polo cal o mencionado alumnado deberá poñerse en contacto co profesor da materia nos dez primeiros días do cuatrimestre no que se imparte a materia, coa finalidade de fixar dito calendario. As probas tendrán o mesmo formato que para os alumnos con dedicación a tempo completo



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Albert Piñole, Isabel (2015). Gestión de viajes, servicios y productos turísticos. Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid.- Ameigeiras Martínez, Celia (2014). Comercialización y venta de servicios turísticos. Editorial Síntesis, Madrid.- Del Alcázar Martínez, Benjamin (2002). Los canales de distribución en el sector turístico. Editorial ESIC, Madrid.- De Borja Solé, Luis y Gomis, Joan Miquel (2009). El nuevo paradigma de la intermediación turística. Editorial Pirámide, Madrid.- Iglesias Tovar, Juan Ramon (2007). Comercialización de productos y servicios turísticos. Editorial Síntesis, Madrid.- Mitre Aranda, María (2006). La producción e intermediación turística en el sector de las agencias de viajes. Ediciones de la Universidad de Oviedo, Oviedo.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- De Pablo Redondo, Rosana (2004). Las nuevas tecnologías aplicadas al turismo. Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid.- Voleger Ruiz, Carlos y Hernandez Armand, Enrique (2000). El mercado turístico: estructura, operaciones y procesos de producción. Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías